Indicador	A páxina web do centro é actualizada de forma periódica polos responsables de cada apartado, alomenos nunha gran parte.		
Responsables	Docentes e ANPA, coordinados polo coordinador TIC.		
Recursos e materiais	Equipamento TIC, páxina web do centro, e outra serie de materiais online.		
Acción 2	Sesiões informais formativas sobre o uso da páxina web do centro.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T

Indicador	O profesorado solicita que se realicen este tipo de sesións formativas, por iniciativa propia.
Responsables	Coordinador Edixgal, coa participación dos docentes interesados.
Recursos e materiais	Equipamento TIC, páxina web do centro, e outra serie de materiais online.

Obxectivo profesorado e comunidade escolar: Poñer en marcha mecanismos que permitan ós pais/nais aproveitar os recursos informáticos, adquirindo coñecementos sobre as T.I.C., en especial en relación ó equipamento Edixgal (para o alumnado afectado)			
Acción 1	Sesións informativas coas familias e profesorado sobre a potencialidade do Equipamento Edixgal e TIC		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
		X	X
Indicador	Os familias asisten de forma xeralizada as sesións organizadas, dentro da escola de familias.		
Responsables	Coordinador TIC e outros organismos externos que colaboran co centro.		
Recursos e materiais	Equipamento TIC, páxina web do centro, e outra serie de materiais online.		
Acción 2	Fomento do uso da plataforma Abalar Móbil, a través de sesións informativas, material na web do centro e reunións coas familias.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
	X	X	X
Indicador	O uso de Abalar Móbil incrementouse con respecto ó momento inicial tanto por parte do profesorado como das familias.		
Responsables	Coordinador TIC e docentes implicados.		
Recursos e materiais	Equipamento TIC, páxina web do centro, e outra serie de materiais online.		

24. PLAN DE FOMENTO DE HÁBITOS DE ESTILO DE VIDA SAUDABLE

- Actividades a desenvolver

Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Conmemoracións “Día internacional de persoas con discapacidade”	03/12/23	Todo o centro	Todo o claustro
Conmemoracións “Dereitos do consumidor”	15/03/24	Todo o centro	Todo o claustro
Conmemoracións “Día mundial da saúde”	07/04/24	Todo o centro	Todo o claustro
Conmemoracións “Día mundial do medio ambiente”	05/06/24	Todo o centro	Todo o claustro
Plan proxecta-xogade	Todo o curso académico	Infantil e primaria	Titores correspondentes e o coordinador de E.F
Nutri-recreos (fomento de merendas saudables)	Todo o curso académico	Todo o centro	Todo o claustro
Hora de lecer (fomento do exercicio físico no tempo de ocio)	Todo o curso académico	Todo o centro	Todo o claustro
Xornada de xogos populares no Magosto	Mes de novembro	Todo o centro	Todo o claustro
Xornada de xogos populares no Día das letras galegas	17/05/24	Todo o centro	Todo o claustro
Recreativos (deportes no recreo)	Todo o curso	Alumnado de primaria	Mestres de Primaria
Xornadas en contacto ca natureza (rutas de sendeirismo, actividades de orientación...)	Todo o curso	Infantil e Primaria	Todo o claustro

25. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

RESULTADOS DA ENQUISA SOBRE A LINGUA PREDOMINANTE EN EDUCACIÓN INFANTIL

Neste curso 2023-2024 o resultado da enquisa realizada na educación Infantil, resultou que o 65% do alumnado é galego falante.

CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA

O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN QUEDA CONSTITUÍDO POR TODO O PROFESORADO DO CENTRO XA QUE SE TRATA DUN CENTRO DE MENOS DE 6 UNIDADES.

VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA REALIZADOS NO CURSO ANTERIOR E PROPOSTAS DE MELLORA PARA O CURSO SEGUINTE

A valoración é moi positiva, maxima implicación do profesorado nas actividades propostas , acadando os obxetivos do curso propostos.

Como mellora propoñemos unha maior coordinación con biblioteca escolar.

Para traballar dun xeito mais significativo a literatura ,poesía e a oratoria,

Participando en concursos literarios , coa radio escolar, co teatro e a música. Así mesmo en 5º e 6º realizaremos un clube de lectura con libros elixidos en lingua galega.

Nos cursos 5º e 6º contamos coa plataforma EDIXGAL, o que facilita a procura da información en galego.

Precisamos mercar máis literatura e material de consulta en galego.

ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Obxectivo: Espertar no alumnado unha defensa , uso e disfrute da súa lingua nai, dentro do respecto ás outras linguas.

Accións	Creación de murais e slogans en lingua galega. Celebración do Samaín adaptándoo á situación epidemiolóxica do momento,. Traballaremos coas lecturas terroríficas e as historias creadas por eles e elas e os talleres de fotos, curtas de medo, etc así como a exposición das cabzas mais creativas realizadas polo alumnado. Festividade de Nadal aínda por determinar.
----------------	---

	<p>Suscribímonos a revista O Papagaio, xornal para xente miúda. Mercaremos para a biblioteca fondo bibliográfico predominantemente en galego, xa que neste intre predomina a lingua castelá. Seguiremos co proxecto da biblioteca. "EMOCIÓN 2.0" Visita do técnicos do parque arqueolóxico de Campo Lameiro para facer un obradoiro. Escola de pais/nais :charlas e conferencias ao longo do curso impartidas por distintos colectivos. Dinamización da páxina web e da revista escolar durante todo o curso.</p>		
	Temporalización		
	1º T X	2º T	3º T
Indicador	Todo o alumnado participa activamente, aumenta o uso da lingua galega no colexio, test de valoración da lingua galega.		
Responsables	Todo o profesorado		
Recursos e materiais	Todos os necesarios para facer as actividades . Contamos cos recursos do PLAMBE e cos que otorgan para a Dinamización da lingua.		

Obxectivo: Fomentar entre o alumnado a cooperación e participación nas actividades que contribúen ó espallamento da cultura galega.

Accións	<p>Participaremos no plan proxecta de xogade ,de terra de montes. Incrementar os fondos bibliográficos dispoñibles en lingua galega en soporte dixital. Certamen de lecturas na carballeira por quinto ano consecutivo (se a situación epidemiolóxica nolo permite) , onde os alumnos leen e recitan poemas en galego para toda a comunidade. Creacion nas aulas de apadriñamento lector, onde os nenos e nenas maiores leen aos nenos máis pequenos, no tempo de lectura, cando remita esta situación de pandemia. Traballando no proxecto do centro" Eco Bío San , cada día nos coidamos máis" . Os nenos/as participan nos talleres e previamente presentaremos un traballo realizado por todo o colexio, unindo o proxecto e o tema faremos un libro de recetas divertidas. Solicitamos a radio escolar.Xa fixemos algunha gravación Celebraremos o Entroido (se a situación nolo permite)coas recetas típicas desa época do ano e a participación da comunidade educativa, desfile e obradoiros e sin esquecer o noso Meco que durante a semana danos ordes que temos que cumprir . Concienciamos , traballando o día da Paz e non violencia. San Valentín , todo o colexio participa escribindo unha mensaxe positiva ,</p>
----------------	---

	amistosa e amorosa de un compañeiro/a.		
	Temporalización		
	1º T	2º T X	3º T
Indicador			
Responsables	Todos os mestres do centro.		
Recursos e materiais	Todos os necesarios para facer as actividades . Contamos cos recursos do PLANBE e cos que otorgan para a Dinamización da lingua.Así mesmo presentámonos ao clube de letras con dotación económica		

Obxectivo: Estimular o uso e disfrute da lingua galega nas distintas actividades : creación literaria , actividades plásticas,audiovisuales , deportivas e nas actividades de lecer.			
Accións	<p>Preparamos o invernadoiro para, a final de curso facer unha colleita do sementado.</p> <p>Preparamos a nosa semana literaria que coincide o 23 de abril co día do libro.</p> <p>Concurso literario.</p> <p>Festa do deporte escolar de terra de montes.</p> <p>Día das Letras Galegas, preparamos a biblioteca co material bibliográfico do autor homenaxeado, traballamos nas aulas ao autor e a súa obra.</p> <p>Preparamos unha actuación con todo o colexio ,dramatización , música , baile como colofón.</p> <p>Saída cultural e lúdica na excursión de fin de curso.</p> <p>Todo os trimestres temos distintas actividades para dinamizar a lectura.</p> <p>Elaboración de un tríptico para as familias de suxerencias de lectura en galego para o verán.</p>		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T X
Indicador			
Responsables	Todos os mestres do centro		
Recursos e materiais	Todos os necesarios para facer as actividades . Contamos cos recursos do PLANBE e cos que otorgan para a Dinamización da lingua.Así mesmo presentámonos ao clube de letras con dotación económica		

MODIFICACIÓNS NA IMPARTICIÓN DE MATERIAS EN LINGUA(S) ESTRANXEIRA(S), INFORMACIÓN SOBRE OS CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLERÍA COMPETENTE EN MATERIA DE EDUCACIÓN

As modificacións que se produciron este curso na impartición de materias en linguas estranxeiras foi:

- EN 1º e 2º a área de plástica impártese en inglés. Somos un centro plurilingüe.
- Este curso nos concederon una auxiliar de conversa compartido co CEIP DE PONTESAMPAIO.

26.-PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓN ANUAL PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓN ANUAL

CONSTITUCIÓN DO DO

O 6 de setembro de 2023 se constitúe o Departamento de Orientación cos seguintes membros:

García Araujo, Pablo (coordinador da etapa de educación infantil)

Loureiro Durán, José Luis (coordinador de 1º e 2º nivel)

Batallán González, Susana (coordinadora de 3º e 4º nivel)

Figueiras Folgar, Ana María (coordinadora de 5º e 6º nivel)

Pardavila Freire, Zaira (PT)

Filgueiras Martínez, Marta (AL)

Maquieira García, Roberto (orientador)

ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.

No presente curso temos alumnado con necesidade específica de apoio educativo, alumnado con dislalias, alumnado con dificultades na linguaxe, alumnado con TDAH.

Se poderán efectuar apoios por parte de profesorado con dispoñibilidade horaria nas aulas onde existen alumnos susceptibles de apoio, aínda que tamén é necesario atender de forma especializada a algúns alumnos por parte da mestra de PT e da mestra de AL.

En Educación Infantil iniciarán apoio da especialista de Audición e Linguaxe 1 alumno, a causa de retraso na linguaxe.

En Educación Primaria, 5 alumnos con diferentes necesidades, recibirán apoio por parte das mestras de PT e AL.

Case a práctica totalidade dos apoios dos especialistas se efectuarán dentro da aula ordinaria, a excepción das dislalias.

PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO

Para atender estas necesidades será necesario seguir poñendo en práctica durante este curso 2023-2024 diversas medidas, tanto ordinarias como extraordinarias.

A principal medida ten que ser de tipo **PREVENTIVO**, potenciando dende a educación infantil que o alumnado acade os aspectos sensomotrices, lingüísticos e conceptuais esenciais para facerlle fronte ás habilidades instrumentais básicas de lectura e escritura propias dos primeiros cursos de primaria.

A segunda medida ordinaria a ter en conta será a potenciación de enfoques metodolóxicos que incidan na funcionalidade dos aprendizaxes e que, sendo bos para os alumnos con NEAE son tamén axeitados para o resto de alumnos.

Este curso teremos en conta especialmente, entre outros, os seguintes protocolos: "Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario".

Os **recursos organizativos** xogan un papel importante á hora de atender á diversidade. Entre eles temos:

Apoio dentro do grupo ordinario.

Apoio ocasional fóra do grupo ordinario.

Os desdobramentos de grupo.

Tamén temos establecidos **Plans de adaptación** para o alumnado que se incorpora á educación infantil e para o alumnado que abandona o centro para incorporarse á educación secundaria.

Os titores e titoras farán un **plan específico** para os **alumnos repetidores**. Os plans consistirán nunha serie de actuacións de reforzo para o alumnado de Educación Primaria que permanece un curso adicional no mesmo curso. Se desenvolverá no marco da aula ordinaria e actuará sobre o alumnado que manifestaron problemas de atraso escolar e que xa foron identificados.

No caso do alumnado estranxeiro que se incorpore ao noso centro debemos ter previsto un **Plan de Acollida** para dito alumnado tanto no caso de que descoñezan a lingua como no caso de que a súa competencia curricular non sexa acorde á súa idade.

MEDIDAS ORDINARIAS

MEDIDA	DESCRIPCIÓN	CURSOS
Estrutura organizativa do centro	Adecuación de horarios, agrupamentos, espazos, recursos persoais e materiais e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.	TODOS
Programacións didácticas	Adecuación das programacións didácticas ao noso alumnado e contorna.	TODOS
Metodoloxías	Activa, participativa, favorecendo o traballo individual e cooperativo. Adecuación das metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, enfoque multidisciplinar, aprendizaxe por proxectos...	TODOS
Avaliación	Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.	TODOS
Reforzo educativo	Medida que afecta aos elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos do alumnado e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.	TODOS
Desdoblamento de grupos	Consiste en distribuír ao alumnado dun grupo clase en dous subgrupos estables que reciben docencia ao mesmo tempo por parte de dous profesores/as distintos. O grupo divídese pola metade, seguindo a orde de lista.	Ningún
Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria	Estará dirixido a alumnos que coa modificación dos elementos non prescritivos do currículo poidan seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe. Será elaborado polo mestre que imparte a área na que o alumno necesita reforzo, co coñecemento da titora ou titor, que o comunicará ó equipo directivo e á familia do alumno. Será desenvolvido no contexto ordinario, polo mestre de área, coa colaboración, se é o caso, doutros <u>profesionais</u> .	TODOS

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

MEDIDA	DESCRICIÓN	CURSOS
Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe	Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto do resto do alumnado dese grupo, e só poderán levarse fóra dela en casos excepcionais e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar.	4º de EI. 1º,2º,3º,5º de EP.

CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN E CALENDARIO DE REUNIÓN MENSUAIS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO

Datas	Tarefas	Responsables	Recursos
Maio	Visita a centros adscritos	XD orientación Titores de 6º EP	Informes do alumnado
2ª semana de setembro	Contacto cos alumnos con NEAE: xornadas de acollida para os novos e para as súas familias	XD Orientación	Informes de anos anteriores e de centros adscritos así como de centros de procedencia de novo alumnado
2ª semana de setembro	Valoración das necesidades iniciais	Xefatura de estudos	Informes obtidos nas reunións
2ª semana de setembro	Elaboración de horarios do departamento	Xefatura de estudos XD orientación	Recursos do departamento
1ª semana de outubro	Realización da concreción anual do PXAD	XD Orientación	Datos dos alumnos
1ª semana de outubro	Realización da concreción anual do PAT	XD Orientación Titores	Datos dos alumnos
Mes de outubro	Reunións de coordinación pedagóxica	Xefatura de estudos (planifica e coordina) XD orientación (asesora e apoia) Titores (dirixen as reunións)	Datos do alumnado
4ª semana de outubro	Elaboración de programas e actuacións xurdidas das	XD Orientación	Recursos do departamento

Datas	Tarefas	Responsables	Recursos
	reunións de coordinación		
Mes de novembro	Elaboración das ACS	XD Orientación e profesores afectados	Recursos do departamento
Decembro	Participación nas sesións da 1ª avaliación	XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL	Informes obtidos na avaliación inicial
Xaneiro	Elaboración de programas e actuacións xurdidas das reunións da 1ª avaliación e revisión das que xa están en marcha	XD Orientación	Informes obtidos na 1ª inicial
Marzo	Participación nas sesións da 2ª avaliación	XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL	Informes obtidos ao longo do trimestre
Xuño	Participación nas sesións da avaliación final	XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL	Informes obtidos ao longo do curso
Xuño	Preparación de informes de alumnado con NEAE que abandona o centro	XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL	Informes obtidos ao longo do curso
1ª semana de xullo	Elaboración da memoria do departamento	XD Orientación	Información recollida ao longo do curso
Xullo	Elaboración de listaxe de alumnos propostos para medidas de atención de atención á diversidade para o vindeiro curso	XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL	Informes obtidos ao longo do curso
Todo o curso	Atender ás demandas do profesorado e do alumnado	Calquera membro do departamento segundo demandas	Recursos do departamento
Todo o curso	Asesoramento e apoio na CCP aos diferentes departamentos na programación e desenvolvemento de tarefas	XD Orientación e PT	Recursos do departamento
Todo o curso	Colaborar na planificación, desenvolvemento, seguimento e avaliación dos plans e	XD orientación en colaboración cos outros membros da	Recursos do departamento

Datas	Tarefas	Responsables	Recursos
	programas levados a cabo no centro	comunidade educativa implicados	

PROFESORADO RESPONSABLE DO ALUMNADO CON NEAE E HORAS DE COORDINACIÓN ENTRE O PROFESORADO TITOR E PT/AL

O profesorado responsable do alumnado con NEAE son os mestres que lles dan clase, tanto titores como especialistas, os mestres que fagan gardas tanto nas entradas como en saídas e recreos, os mestres de PT e AL que os saquen da aula ordinaria e a A.T.E. de ser o caso.

Os horarios das mestras de AL e PT son os seguintes:

AL	Marta Filgueiras Martínez					
Nº Sección	Hora	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1º	9:00-9:50	EI LAMAS	Alumno: MAF 4ºEI (AULA 4º EI)	GARDA	DINAMIZACIÓN	Alumno: RB 3º EP (AULA AL)
2º	9:50-10:40	EI AMIL	GARDA	Alumno: MAF 4ºEI (AULA 4º EI)	Alumno: BF 1º EP Alumno: DA 2º EP Alumno E LL 2º EP (AULA 1º E 2º EP)	Alumna: NS 1ºEP Alumna: VC 1º EP (AULA AL)
3º	10:40-11:30	EI S. LOURENZO	Alumno: BF 1º EP Alumno: DA 2º EP Alumno E LL 2º EP (AULA 1º E 2º EP)	Alumno: BF 1º EP (AULA AL)	Alumno: RB 3º EP (AULA AL)	Alumno: MAF 4ºEI (AULA 4º EI)
4º	12:20-13:10	Alumna: NS 1ºEP Alumna: VC 1º EP (AULA AL)	Alumno NR 5º EP (Aula AL)	TALLER ESTIMULACIÓN LENGUAJE ORAL EI1+EI2	Alumno NR 5º EP (Aula 5º EP)	ITINERANCIA
5º	13:10-14:00	Alumno: BF 1º EP (AULA AL)	Alumno: RB 3º EP (AULA AL)	Alumno: BF 1º EP Alumno DA 2º EP Alumno E LL 2º EP	GARDA	ITINERANCIA

				(AULA 1º E 2º EP)		
--	--	--	--	-------------------	--	--

PT	Zaira Pardavila Freire					
Nº Sección	Hora	LUNS	MARTES	MÉRCO-RES	XOVES	VENRES
1º	9:00-9:50	Alumno: RB 3º EP (AULA PT)	Alumno: DA Alumno E LL 2º EP (AULA 1º E 2º EP)	Alumno: DA Alumno E LL 2º EP (AULA 1º/ 2º EP)	Alumna: NS 1ºEP Alumna: VC 1º EP (AULA PT)	Alumno: DA Alumno E LL 2º EP (AULA 1º E 2º EP)
2º	9:50-10:40	Alumno: DA Alumno E LL 2º EP (AULA 1º/2º EP)	Coord. Biblioteca	Alumno: RB 3º EP (AULA 3º/ 4º EP)	DIN.	Alumno: RB 3º EP (AULA 3º/4º EP)
3º	10:40-11:30	Alumno: RB 3º EP (AULA 3º/4º EP)	Alumno: RB 3º EP (AULA PT)	GARDA	LÓXICO MATE- MÁTICA EI1+EI2 AULA EI2	Alumno: RB 3º EP (AULA PT)
4º	12:20-13:10	Alumno: DA Alumno E LL 2º EP (AULA 1º/2º EP)	Alumno: NR 5º EP (AULA DE 5º/6º EP)	Alumna: NS 1ºEP Alumna: VC 1º EP (AULA PT)	GARDA	GARDA
5º	13:10-14:00	Alumno: MAF 4ºEI (AULA 4º EI)	Alumno: RB 3º EP (AULA 3º/4º EP)	Alumno: MAF 4ºEI (AULA 4º EI)	Coord. Biblioteca	DIN.

LISTAXE DE ALUMNADO CON NEAE ATENDIDO POR PT, AL, ATE.

4. Enviamos documento independente.

27.-PLURILINGÜISMO

PROFESORADO RESPONSABLE

Nome Coordinador/a	Horas redución
	1
Nome profesores AICLE/CLIL	Nivel/Especialidade
	Todos/L. inglesa

SECCIÓNS BILINGÜES/PLURINFANTIL

Curso	Nº grupos	Nº alumnado total	Nº alumnado nova incorporación	Teñen autorización por escrito dos pais	Materias	Lingua na que se imparte
1º	1	3		X Sí Non	Ed. Artística Plástica	Inglés- Galego
2º	1	6		X Sí Non	Ed. Artística Plástica	Inglés- Galego

MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA PLURILINGÜE OU SECCIÓNS BILINGÜES

CEIP Pedro Antonio Cerviño

Área: Arts and crafts (Educación Plástica)

Etapas na que se desenvolverá: 1º e 2º de Primaria

Número de alumnado: 9 alumn@s (3 primeiro / 6 segundo)

Profesorado participante Titular Lingua Extranxeira Inglés: M. Beatriz Pérez Outeiral

Auxiliar de conversa (de febreiro a maio)

XUSTIFICACIÓN

No CEIP Pedro Antonio Cerviño estimamos necesaria a continuación da Sección Bilingüe para preparar ao noso alumnado para unha sociedade cada vez máis global, plurilingüe e pluricultural.

Eliximos a lingua inglesa posto que consideramos que é o idioma con maior difusión na actualidade a nivel internacional.

Con esta iniciativa queremos reforzar a aprendizaxe do inglés como vehículo de comunicación, que non só se vexa coma unha materia illada, senón que se sinta coma unha lingua de aprendizaxe.

Eliximos a Educación Artística (Plástica) para esta Sección Bilingüe porque se trata dunha materia cunha carga de contidos moito menor, que implica instrucións e procesos verbais, que poden ser transmitidos dun xeito sinxelo e directo, ben de forma verbal, visual e xestual, ao tratarse dunha materia de exploración e manipulación.

Insistimos en que na sociedade actual a capacidade para comunicarse nunha lingua estranxeira permite ter unha visión global do mundo, favorecendo o interese por outras culturas e formas de ver a realidade, sempre máis tolerante e solidaria.

Isto verase materializado coa incorporación do auxiliar de conversa a partir de febreiro, xa que comprobarán en primeira persoa que a lingua é un instrumento para coñecer mellor outras culturas e formas de vida.

OBXECTIVOS PROPOSTOS

Os obxectivos para a Educación Primaria parten do Decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que se establece o currículo de educación primaria.

Obxectivos xerais

- 1.- Fomentar o emprego do inglés como vehículo de comunicación fóra da clase de lingua inglesa.
- 2.- Fomentar a interdisciplinaridade.

- 3.- Reforzar a necesidade da aprendizaxe de inglés coma lingua estranxeira básica para a comunicación nunha sociedade global.
- 4.- Utilizar o inglés como vehículo de comunicación e achegamento ao coñecemento de novas culturas, que lle axudarán a formarse nun ambiente de tolerancia, respecto e solidariedade propias dunha sociedade pluricultural.
- 5.- Proporcionar ao alumnado as estratexias necesarias para enfrontarse a situacións da vida cotiá, a través dun maior dominio do inglés, idioma presente nas novas tecnoloxías e na informática.
- 6.- Fomentar o encontro intercultural e potenciar condutas en favor da tolerancia e o respecto cara outras culturas que sirvan, de forma comparativa, para valorar a cultura propia.
- 7.- Desenvolver o interese por coñecer persoas diferentes coas súas formas de vida.
- 8.- Desenvolver actitudes de respecto e colaboración con grupos de outras culturas.
- 9.- Mellorar a capacidade cognitiva do alumnado e da calidade da educación:
 - a) Aumentar o nivel de comprensión e aprendizaxe de contidos.
 - b) Mellorar as habilidades de aprendizaxe.

Obxectivos lingüísticos

- 1.- Mellorar a competencia comunicativa en lingua estranxeira (LE) a través do uso oral na materia de E.A. en Primaria:
 - a) Incrementar o contacto dos estudantes coa LE a través de actividades significativas contextualizadas.
 - b) Utilizar de xeito comunicativo a LE, elaborando mensaxes en dita lingua de maneira apropiada á súa intención comunicativa.
- 2.- Adquirir vocabulario específico relacionado coa Educación artística.
- 3.- Consolidar o vocabulario do currículo de Educación Primaria.

RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE DA ETAPA NA ÁREA DE E.A.

Competencia en comunicación lingüística

- * Valorar a obra artística.
- * Buscar a orixinalidade narrativa e formal.
- * Obter información relevante e suficiente a partir da observación.
- * Describir procesos de traballo e argumentación de solucións.
- * Desenvolver capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción e a articulación.

- * Adquirir un vocabulario específico da área.
- * Xerar intercambios comunicativos.

Competencia matemática y competencias básicas en ciencia y tecnología

- * Representar xeometricamente os esquemas de debuxo e as formas de seres e obxectos cotiáns.
- * Poñer en práctica procesos de razoamento e identificar a validez destes.
- * Valorar o grao de certeza dos resultados derivados do razoamento.
- * Seleccionar as técnicas adecuadas para calcular os pulsos.

Competencia dixital

- * Transmitir información mediante técnicas plásticas.
- * Analizar a imaxe e a mensaxe que transmite.
- * Usar a tecnoloxía para o tratamento de imaxes visuais.
- * Analizar a imaxe, o son e as mensaxes que estes transmiten.
- * Buscar, seleccionar e intercambiar información sobre manifestacións artísticas para o seu coñecemento e goce.

Competencias sociais e cívicas

- * Indagar e planificar procesos.
- * Coidar e conservar materiais e instrumentos.
- * Ter flexibilidade ante un mesmo suposto.
- * Traballar en equipo cooperando e asumindo responsabilidades.
- * Aplicar técnicas concretas e utilizar os espazos de maneira apropiada.
- * Seguir as normas e as instrucións dadas.
- * Expresarse buscando o acordo con actitude de respecto, de aceptación e de entendemento.

Conciencia e expresións culturais

- * Ter interese polo coñecemento dos materiais.
- * Experimentar con técnicas e materiais.
- * Explorar os materiais cromáticos e gozar cos resultados obtidos.

- * Intercambiar información sobre imaxes de calquera época e cultura.
- * Representar formas presentes no espazo natural.
- * Coñecer diferentes códigos artísticos e utilizar as técnicas e os recursos que lles son propios.
- * Facilitar a expresión e a comunicación.
- * Coñecer, valorar e manter unha actitude crítica ante as manifestacións culturais e artísticas.
- * Promover a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- * Apoiar e apreciar as iniciativas e as contribucións alleas.

Aprender a aprender

- * Ter curiosidade respecto do resultado final dunha actividade manipulativa.
- * Valorar o potencial creativo contido nas formas sinxelas.
- * Indagar e planificar procesos.
- * Esforzarse por alcanzar resultados orixinais.
- * Reflexionar sobre o proceso de iluminación.
- * Observar co obxecto de adquirir información relevante e suficiente.
- * Reflexionar sobre os procesos na manipulación de obxectos, a experimentación con técnicas e materiais e a exploración sensorial de sons, texturas, formas e espazos.
- * Utilizar os coñecementos adquiridos en situacións diferentes.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor

- * Manipular materiais e adquirir bagaxe plástica expresiva.
- * Experimentar e gozar co uso de técnicas e materiais.
- * Desenvolver iniciativas e solucións diversas.
- * Favorecer a creatividade levando a cabo iniciativas e barallando diferentes posibilidades.
- * Fomentar a orixinalidade e a busca de novas formas innovadoras no proceso creativo.
- * Elixir os recursos tendo en conta a intencionalidade expresiva do que se desexa lograr.
- * Planificar o proceso creativo e esforzarse por alcanzar resultados orixinais.
- * Adquirir coñecementos e buscar solucións a partir da exploración e da indagación.

CONTIDOS

Os contidos a desenvolver no proxecto para a materia de Educación Artística (Plástica) na Sección Bilingüe serán os plantexados na programación didáctica de E.A. do 1º e 2º nivel de Educación Primaria, que seguen as indicacións do Decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que se establece o currículo de educación primaria e que favorecen a adquisición das competencias clave, sendo aprobadas pola Inspección educativa e que permanecen expostas a disposición pública na dirección do centro educativo e na páxina web.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

A educación artística é unha área que fomenta a creatividade, a autonomía, a socialización. Provocaranse situacións comunicativas que inclúan o humor e o xogo, fomenten a motivación do alumnado e faciliten a aprendizaxe, establecendo o bo ambiente na aula.

As ordes e rutinas serán claras e con continuo soporte visual para apoiar e facilitar a adquisición de competencia comunicativa.

Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso é moi importante a flexibilidade, de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poder aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros e do progreso que acadan día a día.

Utilizaranse distintos tipos de agrupamento segundo o tipo de actividade a realizar: grupo clase, individual, pequenos grupos e parellas.

Subirase á aula virtual (INGLÉS 1º e 2º) material de apoio e produtos finais para compartir o traballado coas familias.

PAUTAS PARA AVALIAR O PROXECTO

A avaliación dos resultados farase de acordo coa programación.

Realizarase unha memoria final na que se recolla o grao de consecución dos obxectivos propostos, as dificultades atopadas e as suxestións de mellora do proxecto.

28.-PLAN DE CONVIVENCIA. CONCRECIÓN ANUAL

- Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a	Nivel/Especialidade
Pablo García Araújo	Educación Infantil
Nome equipo dinamización de convivencia	Nivel/Especialidade
Lourdes Iglesias Penela	Relixión

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

Obxectivo:	
Acción 1	Traballar a igualdade efectiva entre homes e mulleres a través da participación no CPIncúe: Iguala-T. Levaranse a cabo distintos obradoiros, actividades de formación e iniciativas para concienciar ao alumnado en todo o referente a este aspecto. Visibilizarase a traxectoria de mulleres que deixaron a súa pegada na historia, e aprenderemos a identificar comportamentos machistas para a súa posterior erradicación.

	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Concienciarse da importancia da igualdade como aspecto indispensable para unha convivencia pacífica		
Responsables	O equipo de dinamización da convivencia e o profesorado titor.		
Recursos e materiais	Recursos humanos necesarios para impartir formacións, material funxible, ferramentas audiovisuais...		
Acción 2	Seguir coa formación en educación emocional, dando continuidade deste xeito ao proxecto iniciado o curso pasado. Levar a práctica os coñecementos adquiridos, aprendendo a xestionar as distintas emocións e adecuándoas ao momento, espazo e/ou situación na que se atopan. Ser quen de empatizar e comprender tamén como se sinten os demais, aprendendo a dar resposta as diferentes situacións emocionais.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Desenvolver unha comprensión e xestión cada vez mellor das emocións propias e alleas		
Responsables	Toda a comunidade educativa.		
Recursos e materiais	Recursos humanos para formación, material funxible, ferramentas audiovisuais...		
Acción 3	Aplicar todos os coñecementos adquiridos nas accións propostas previamente, como é o caso da igualdade e a educación emocional para reforzar as relacións entre o alumnado do centro. Ser quen de observar e analizar que comportamentos son contrarios a convivencia, e buscar unha formade redirixilos chegando a acordos entre o alumnado.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Aprender a establecer relacións igualitarias.		
Responsables	O equipo de dinamización da convivencia e o profesorado titor.		
Recursos e materiais	Recursos humanos necesarios para impartir formacións, material funxible, ferramentas audiovisuais...		

29.-AVALIACIÓNS INDIVIDUALIZADAS

COMISIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS MESMAS

Á espera de que se convoquen as avaliacións individualizadas .

ACCIÓNS DE MELLORA DERIVADAS DA ANÁLISE DE RESULTADOS DAS AVALIACIÓNS INDIVIDUALIZADAS

30. PROXECTOS DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA (XOGADE)

- Concreción do/s programa/s no/s que se participa.

Plan Proxecta	
Descrición do programa	<p>A posta en práctica deste proxecto é unha labor conxunta de toda a comunidade educativa; mestres/as, alumnos/as e familias. Colaboraremos para facer do centro un lugar de encontro, participación, fomento de valores e hábitos saudables, onde o deporte teña un especial protagonismo no proceso de ensino-aprendizaxe.</p> <p>Co fomento do deporte, buscamos que os nenos e nenas adquiran gusto pola práctica deportiva, disfruten dela e sexan conscientes dos beneficios que lles reporta tanto a nivel físico como mental. Se a isto lle sumamos o importante papel socializador que xoga nestas etapas, este programa convértese nun eixo fundamental das programacións de educación física nas etapas de primaria.</p>
Obxectivos	<p>- Fomentar hábitos de vida saudable dende idades temperás (exercicio, alimentación e descanso)</p> <p>Adquirir o gusto polo deporte individual e colectivo e aumentar os niveis de</p>

	<p>actividade física diaria entre o alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Acercar ao alumnado á iniciación deportiva dende un punto de vista recreativo e educativo, ca intención e que alcance continuidade fóra do horario escolar. - Utilizar o deporte como medio para o fomento dos valores deportivos e a adquisición das competencias clave de tanta importancia no currículo actual (especialmente a competencia motriz). - Procurar que o alumnado aprenda a ocupar o tempo de ocio de forma constructiva, saudable e divertida. - Tentar que o alumnado valore os beneficios a nivel físicos e mentais derivados do deporte. - Incrementar os niveis de actividade física diaria entre o alumnado. 		
Cursos implicados	Todo o centro		
Temporalización	1º T	2º T	3º T
Indicador	Adherencia á práctica deportiva e práctica fóra do horario lectivo		
Responsables	Coordinador: Paulo Bermúdez Búa Titores de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º		
Actividades	“Recreativos/as”: xogos tradicionais e alternativos no recreo “Hora de lecer”: práctica de exercicio físico no tempo de ocio Participación nos programas PDC e Dafis Elaboración de vídeo sobre deportes, hábitos saudables, hixiene corporal, lesións deportivas... Obradoiros e talleres relacionados cas conmemoracións a celebrar Lecturas de noticias sobre deportes, innovación, novidades, práctica deportiva... Enquisas sobre os niveis de actividade física no centro Radio deportiva escolar		

31. CONTRATOS-PROGRAMA

Neste curso 2023-2024 elegimos o programa “IGÚLATE”.

Dito programa dará resposta aos seguintes obxectivos:

- 1) Dar resposta á análise da realidade educativa e do funcionamento do centro para identificar as necesidades e melloras necesarias.
- 2) Implementar proxectos de innovación que conduzan a unha mellora da calidade educativa do centro.

Garantir, nas etapas de ensino obrigatorio, a adquisición das competencias

clave de todo o alumnado aplicando metodoloxías innovadoras.

4) Incorporar á práctica educativa os principios de calidade, equidade e excelencia.

5) Apoiar o afondamento na aprendizaxe dalgún ámbito de coñecemento partindo dos intereses do alumnado, así como do aproveitamento do seu potencial talento.

6) Fomentar os hábitos de vida saudables.

7) Capacitar ao alumnado para desenvolver un comportamento ambientalmente responsable.

8) Afondar na mellora da calidade na xestión dos centros.

9) Desenvolver novas habilidades, destrezas e competencias que permitan ao alumnado prepararse para traballos que aínda non existen, e para o uso de novas aplicacións e ferramentas, así como afrontar problemas futuros.

32. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

NUTRIESCOLAS (0 E 1)	
Descrición do programa	<p>Debido ao crecente aumento da obesidade, o sedentarismo e a falta de hábitos alimenticios saudables, dende o CEIP Plurilingüe Pedro Antonio Cerviño vemos a necesidade de poñer en práctica co noso alumnado, dinámicas, talleres e obradoiros relacionadas cos hábitos alimenticios. Este curso proxecto de centro vaise centrar, maioritariamente, nas merendas saudables e o acercamento do alumnado aos alimentos que nos proporciona o mar e todos os seus procesos.</p> <p>Promover a experimentación de hábitos alimentarios saudables e sostibles e</p>

	favorecer a súa consolidación.		
	Os alumnos/as deberán adquirir os coñecementos, habilidades, valores e actitudes necesarios para poder realizar eleccións alimentarias saudables como consumidores responsables e por medio de decisións ben informadas.		
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Estimular o padal para inducir a saborear e a probar novos alimentos. • Probar alimentos e receitas novas. • Consumir alimentos saudables nas merendas de aula e escolares. • Reducir/evitar/eliminar os alimentos non aconsellables nas merendas da aula e do centro. • Desenvolver e mellorar as habilidades de manipulación (mondar, debullar, cortar, pelar, lavar, torar, facer formas xeométricas, etc) e preparación de alimentos. • Favorecer a manipulación responsable e axeitada de diferentes obxectos, útiles e ferramentas relacionados coa alimentación. • Promover, experimentar, expresar os sentimentos e as emocións asociadas co feito alimentario. • Identificar a orixe natural (árbore, planta, etc) dos alimentos que consumen. • Promover que as familias elixan as opcións máis saudables para as merendas dos seus fillos e das súas fillas. • Favorecer a adquisición de aprendizaxes doutras áreas. • Acadar as competencias necesarias para planificar e executar receitas sinxelas • Recoñecer a alimentación e a nutrición como funcións vitais • Relacionar os hábitos alimentarios coa saúde. • Diseñar merendas saudables para os recreos. • Analizar a oferta alimentaria da contorna próxima. 		
Cursos implicados	Todo o centro		
Temporalización	1º T	2º T	3º T
Indicador	Fomentar hábitos alimenticios saudables		
Responsables	Coordinador: Paulo Bermúdez Búa Todo o claustro		
Actividades	Actividades relacionadas cos hábitos alimenticios (merendas saudables, plantacións ecolóxicas, elaboración de receitas caseiras...) Obradoiros e talleres relacionados co programa "Ponlle as pilas ao teu bocata"		

33. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

AVALIACIÓN INTERNA

Avaliación dos documentos de planificación docente:

- PXA
- PROXECTO LINGÜÍSTICO
- PLAN CONVIVENCIA
- PROXECTO LECTOR
- PEC

Avaliación dos proxectos:

- EDIXGAL
 - PFPP
 - PLAMBE
-
- A CCP mensualmente fará un seguimento das medidas aplicadas para a consecución dos obxectivos marcados na PXA, de cara a detectar o seu grado de cumprimento.
 - Trimestralmente, o claustro valorará o grado de cumprimento dos obxectivos. Asemade, tamén poderá ser revisada cando a situación o requira.
 - A práctica docente tamén será obxecto de avaliación ao rematar cada trimestre. Nas sesións de avaliación valorarase se se cumpriron os obxectivos. Para realizar esta avaliación confeccionouse unha rúbrica para o profesorado.